



Acta da Comisión de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 2 de abril de 2024

Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 02/04/2024
- II. Asistentes á CGIC do 02/04/2024
- III. Anexos complementarios das modificacións non substanciais das titulacións de Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e Grao en Enxeñaría da Enerxía (Formación Básica vinculada ao Ámbito de Coñecemento da Titulación).

Ábrese a sesión ás 13 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 21 de febreiro de 2024.

Enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbase por asentimento e será publicada na web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/comision-de-calidade/>

2. Informe do Coordinador

O Coordinador de calidade comenta as principais incidencias dende a sesión anterior:

➤ **Comunicacións da Área de Calidade**

✓ **Enquisas de Avaliación Docente EAD23/24 – segundo cuadrimestre:**

- 27 febreiro. Activación do formulario para que o profesorado autorice a realización das enquisas de avaliación da súa docencia. Prazo ata 10 marzo.
- 18 marzo. Notificación ao profesorado do prazo para a configuración da invisibilidade das enquisas para o alumnado (18-20 marzo) e do período no que as enquisas están abertas ao estudantado (18 marzo - 31 maio). Petición de colaboración do profesorado para que realice as accións que considere oportunas para aumentar a participación do seu alumnado na realización das enquisas.
- 22 marzo. Comunicación de que o 20 de marzo se iniciou o proceso das EAD do 2º cuadrimestre do curso 2023/2024.

✓ **Enquisas satisfacción ES23/24:**

- 27 febreiro. Comunicación do inicio do proceso das ES. Prazo ata o 30 de xuño. Petición de difusión. A poboación da enquisa é a seguinte:
 - Estudantado de grao que se matricula por 1ª vez no 3º curso
 - Estudantado de máster que se matricula por 1ª vez no último curso
 - Persoas tituladas que remataron os seus estudos no curso 2022/2023.

- 11 marzo. Comunicación do estado de participación nas titulacións impartidas no centro:

Titulación	Estudantado			Persoas tituladas		
	Respostas	Poboación	Participación	Respostas	Poboación	Participación
G290 GEE	0	19	0%	4	16	25%
G310 GERME	2	8	25%	0	3	0%
M148 MUEM	1	6	17%	1	3	33%
Totais	3	33	9%	5	22	23%

- ✓ **Estado da modificación do plan de estudos do Máster en Enxeñaría de Minas:**
 - Pendente de que ACSUG envíe o informe provisional; agárdase telo a mediados de abril.
- ✓ **Procesos que ten que pasar o centro no presente curso:**
 - Seguimento da recertificación do SGC
 - Renovación da acreditación institucional

En xuño publicarán a guía que rexerá os procesos. Agárdase que sexa similar aos das acreditacións ordinarias e incluírá unha visita na que se analizarán os plans de mellora, a información pública, o desenvolvemento das titulacións do centro, o funcionamento da comisión de calidade e a documentación asociada ao SGIC.

- **Comunicacións da Unidade de Análises e Programas / Publicacións no Portal de Transparencia**
 - 13 marzo. Publicación no Portal de Transparencia dos indicadores de calidade pendentes do curso 2022/2023: **ABA-verifica** e **GRA** (taxas graduación e eficiencia).
- **Registros que quedan pendentes na plataforma do SGIC – Curso 2023/2024**
 - ✓ *R1 DO-0301 Verificación/Chequeo de Información Pública.*
 - Á espera da finalización do proceso de reestruturación da web do centro.
 - ✓ *R1 DE-02 Cadro de Mando.*
 - 20 marzo. A Área de Calidade responde á última consulta, achega unha nova versión do excel e traslada a proposta de que o centro participe nun plan piloto para a xestión do cadro de mando e o seu uso para a elaboración do IRPD.
 - ✓ *R1 DE-03 - Informe de revisión do sistema pola dirección.*
 - Vai condicionado á evolución do Cadro de Mando.
- **Accións de Mellora na plataforma do SGIC:**
 - ✓ Fíxose unha revisión do estado das accións “PM”, que teñen a súa orixe no proceso de certificación do Sistema de Garantía de Calidade, tendo en conta os informes de seguimento, os IRPD e a plataforma do SGIC. As conclusións teranse en conta na elaboración do próximo IRPD.

A Presidenta agradece ao Coordinador de calidade o traballo realizado.

3. Validación, se procede, do Anexo complementario requirido para as modificacións non substanciais das titulacións de Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e Grao en Enxeñaría da Enerxía, relativo á formación básica vinculada ao Ámbito de Coñecemento das Titulacións.

A Presidenta lembra que na sesión da comisión celebrada o 30 de novembro de 2023 foron validadas as modificacións non substanciais das dúas titulacións de grao consistentes na adscrición das mesmas ao ámbito “*Ingeniería química, ingeniería de los materiales e ingeniería del medio natural,*” o máis próximo dos recollidos no Anexo I do RD822/2021. Continuando co proceso, é necesario adscribir polo menos a metade dos créditos de formación básica ao devandito ámbito.

A Presidenta amosa os Anexos Complementarios, explica as dúas opcións dispoñibles e propón elixir a primeira opción para as dúas titulacións; esta consiste en vincular ao ámbito de coñecemento da titulación a totalidade da formación básica. Sinala que o principal efecto é de cara ao recoñecemento das materias de formación básica.

A Comisión emite informe favorable e valida os Anexos Complementarios para as modificacións non substanciais das titulacións de Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e Grao en Enxeñaría da Enerxía.

4. Rogos e Preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 15 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a dous de abril de dous mil vinte e catro.

Vº e Prace

A Presidenta

O Secretario

Elena Alonso Prieto

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 02/04/2024

Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión de Calidade

Por orde da súa presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía a unha reunión **ORDINARIA** que terá lugar o día 2 de abril de 2024, ás 12:30 horas en primeira convocatoria e ás 13:00 horas en segunda. A reunión terá lugar na **Sala de Xuntas 1** da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (*), e trataranse os seguintes puntos da

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 21 de febreiro de 2024.
2. Informe do Coordinador.
3. Validación, se procede, do Anexo complementario requirido para as modificacións non substanciais das titulacións de Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e Grao en Enxeñaría da Enerxía, relativo á formación básica vinculada ao Ámbito de Coñecemento das Titulacións.
4. Rogos e Preguntas.

Vigo, 21 de marzo de 2024

O Coordinador da Comisión de Calidade

Guillermo García Lomba

(*) **Indicacións:** acceder á sala do Campus Remoto como estudiantado coa **contrasinal 1DL06QsL (e1e-De-El1e-De-6-Qu-ese-El1e)** e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario (eme.secretaria@uvigo.es) que lle indicará o método de acreditación complementario.

A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN DE CALIDADE DA EE MINAS E ENERXÍA





ANEXO II

Asistentes á CGIC do 02/04/2024



Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 2 de abril 2024	
Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidade
María Araújo Fernández	Representante do Máster XSA
Francisco Javier Deive Herva	Coordinador Grao EE
Pablo Eguía Oller	Representante dos departamentos con sede no centro
Iria Feijóo Vázquez	Coordinadora Grao ERME
Generosa Fernández Manín	Enlace Igualdade
Diego López González	Representante da Sociedade (titular)
Raquel Pérez Orozco	Representante do PDI
Juan Jesús Rico Fuentes	Representante do estudantado egresado
Ana Rodríguez Rodríguez	Representante do Máster EM
M ^a Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro
Mateo Salgado Díaz	Representante do estudantado de grao 2
Escusan a súa asistencia	
Ángeles Domínguez Santiago	Coordinadora do PAT/PIUNE



ANEXO III

**Anexos complementarios de modificacións non substanciais das
titulacións de Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
e Grao en Enxeñaría da Enerxía (Formación Básica vinculada ao
Ámbito de Coñecemento da Titulación)**